

PROTOCOLO COVID:

• **Para participar na proba será obrigatorio estar en posesión e presentar na entrega de dorsais O CERTIFICADO DE VACINACIÓN COVID ou a presentación dun CERTIFICADO DUNHA PROBA PCR NEGATIVA** nun máximo de 72 horas antes do inicio da proba a partir dos 12 anos de idade.

-Menores de 12 anos: Traer asinada a Declaración responsable , SEN ESTE DOCUMENTO NON SE PODE ter Dorsal

-Para a participación na proba é obrigatorio estar en posesión do dorsal oficial da proba.

-Tod@s @s atletas nos intres previos á saída, deberán permanecer coa máscara posta ata que o indique a organización no momento da saída.

- Os/as atletas das categorías de rapaces serán colocados nas cámaras de chamada uns intres antes de cada carreira.

-Os/as atletas da categoría absoluta deberan de colocarse no seu caixón asignado no dorsal antes da hora da saída. Será motivo de descualificación para calquera atleta estar sen mascarilla no seu caixón, e noutro caixón que non lle corresponda.

- As saídas faranse por Tandas e caixóns de 300 atletas simultaneamente.

- As Tandas sairán cunha separacion de 10" entre elas. No momento xusto de dar a saída, cando a organización o indique, o/a atleta poderá retirar a máscara posta aconsellando que a garde no seu poder, aínda que poderá tirala nos contedores habilitados a carón dos caixóns de saída.

- Unha vez que a tanda anterior a do atleta saia, o seu grupo ira ocupando o lugar da saída e así posteriormente. Unha vez finalizada a carreira, o atleta deberá colocar a máscara, ben empregando unha persoal ou a facilitada pola organización na zona de meta.

Recomendamos que unha vez abandone a zona da proba a siga levando posta se non pode manter a distancia de seguridade respecto do publico ou outros participantes.

De cambiar a normativa sanitaria comunicaremos o novo procedemento para adaptarnos ás novas normas.